

NORMAS DE ACCESO DOS VISITANTES AO SENDEIRO TELESFOROBRAVO (RAMBLETA-PICO DO TEIDE)

1.- Enténdese por visitantes, nestas normas, as persoas que de xeito individual ou colectivo, de forma espontánea ou organizada, acceden ao Parque Nacional do Teide co fin principal de gozar das súas belezas, valores ecolóxicos, condicións de naturalidade e alta calidade ambiental. Quedan excluídos destas normas as persoas que desenvolvan actividades no Parque Nacional por motivos de traballo, de estudo, para a prestación de servizos públicos ou por outras razóns debidamente xustificadas, sempre e cando estean autorizados pola Administración do Parque Nacional para o desenvolvemento da súa actividade.

2.- O sendeiro Telesforo Bravo constitúe a única vía permitida, logo de autorización, de acceso normal ao Pico do Teide, non estando autorizado o visitante a abandonar este.

3.- A capacidade de carga máxima admisible deste sendeiro nun instante dado é de 50 persoas, polo que en ningún momento poderá autorizarse a presenza de máis de 50 visitantes simultaneamente.

4.- A capacidade de carga máxima admisible nun instante dado no tramo do sendeiro que se interna e bordea o cráter é de 10 persoas, polo que en ningún momento poderá permitirse a permanencia neste tramo de máis de 10 visitantes simultaneamente.

5.- Non se autoriza o visitante a circunvalación completa do cráter nin a entrada neste, por estar declarado este como Zona de Reserva.

6.- Por parte da Administración do Parque Nacional delimitarase e sinalizará axeitadamente o inicio e fin do sendeiro.

7.- Para acceder ao sendeiro Telesforo Bravo requirirase autorización da Administración do Parque Nacional que emitirá, se é o caso, o correspondente permiso de acceso.

8.- O permiso de acceso ao Pico do Teide poderao tramitar directamente cada interesado, que poderá así mesmo pedir a inclusión no correspondente permiso dun número máximo de 9 acompañantes.

9.- Para un mellor control dos grupos, establécense tramos horarios de dúas horas para realizar a actividade solicitada, debendo elixir o solicitante un destes tramos horarios. Os tramos fíxanse en:

- De 9:00 a 11:00 horas.
- De 11:00 a 13:00 horas.
- De 13:00 a 15:00 horas.

- De 15:00 a 17:00 horas (advírtese, principalmente ás persoas que elixan este tramo, do horario de funcionamento do teleférico; é habitual que as últimas cabinas baixen sobre as 16:30 horas e mesmo antes, sobre todo en inverno).

Un mesmo solicitante non poderá solicitar máis dun tramo horario na mesma data nin máis dun permiso nunha mesma semana (un cada sete días), salvo que por motivos técnicos ou meteorolóxicos o teleférico ou o sendeiro estivesen pechados máis de tres días seguidos, facendo imposible a suba ao Pico do Teide na data solicitada inicialmente.

10.- O permiso pódese tramitar da seguinte forma:

- A través de internet na páxina web que habilitou o Organismo Autónomo Parques Nacionais, e máis concretamente na súa Central de reservas <http://www.reservasparquesnacionales.es>

Na oficina administrativa do Parque Nacional do Teide poderíase chegar a utilizar este mesmo medio (internet) para tramitar os permisos, quedando exento o Parque Nacional de toda responsabilidade se non houberse posibilidade de acceso ou dispoñibilidade de medios para realizar este trámite nun momento dado.

As tramitacións de permisos poderán realizarse ata as 14:00 horas do día anterior no que se estivese interesado.

En todo caso, a obtención de permiso loxicamente está supeditada á dispoñibilidade de prazas.

11.- O permiso outorgarase para un día concreto e un tramo horario determinado a elección do solicitante, sempre e cando non se supere a capacidade de carga e se respecten as condicións sinaladas nas presentes Normas, especialmente nos seus puntos 3, 8 e 12.

Ao acceder un gran número de visitantes a través do teleférico, e dado o elevado número de días ao longo do ano que este non se encontra operativo por razóns técnicas ou climatolóxicas, poderase utilizar este permiso o primeiro día -e só este- no que o teleférico volva encontrarse operativo a partir do especificado na solicitude. Non obstante, esta salvidade só terá vixencia durante o cómputo total de tres días contados a partir do especificado na solicitude, este inclusive, aínda cando as condicións climatolóxicas non tiveren variado e o teleférico permanecese pechado. No caso de que por esta circunstancia se chegase a producir a situación de que concorresen nun mesmo día e tramo horario un número superior de persoas ás permitidas segundo especifica o punto 3, terán preferencia de acceso aqueles solicitantes e acompañantes deste en cuxo permiso figure o día en curso, debendo esperar as persoas que polas razóns arriba mencionadas

non puideron acceder ao Pico do Teide o día especificado no permiso a que o persoal do Parque Nacional lles permita o acceso ao sendeiro Telesforo Bravo, cando se chegue á capacidade de carga sinalada no punto 3 das presentes Normas.

12.- Resérvanse ata un máximo de trinta (30) prazas no primeiro tramo horario (9-11) e outras dez (10) prazas no terceiro tramo horario (13-15), que poderán ser solicitadas polas empresas de turismo, ou profesionais autónomos dedicados á realización de rutas guiadas, que estean radicadas ou teñan oficina na illa de Tenerife e cuxos guías dispoñan da titulación oficial outorgada polo Goberno de Canarias e ademais posúan a acreditación de coñecementos para exercer de guía no Parque Nacional do Teide, que outorga o Padroado deste espazo protexido. A estes efectos establecerase un Rexistro no que se poderán inscribir as empresas e guías que cumpran as anteriores condicións.

O permiso concederase para un guía e ata un máximo de 19 acompañantes para o tramo horario e día concretos, aínda que para esta cota non será de aplicación a segunda restrición especificada no último parágrafo do Punto 9 das presentes Normas.

O persoal da empresa que xestione estes permisos e apareza como solicitante responsabilizarase da veracidade dos datos consignados na solicitude e o guía será responsable da totalidade das persoas que realicen a actividade. Os guías que cometan unha infracción á normativa do Parque Nacional ou por negligencia permitan que a cometan os seus acompañantes, serán excluídos do Rexistro anteriormente citado durante un período dun ano.

13.- Establécese a obrigatoriedade para todos e cada un dos figurantes no permiso de portar o orixinal ou copia validamente compulsada do D.N.I., pasaporte ou outro documento oficial de identidade, ao acceder ao sendeiro Telesforo Bravo, sendo obrigatorio mostralo ao persoal do Parque se se lles requirise. En caso de que o solicitante non presente o seu documento de identidade o permiso quedará anulado de inmediato tanto para o solicitante coma para todos os acompañantes. Así mesmo, o persoal do Parque Nacional do Teide resérvase o dereito de non permitir o acceso ao sendeiro Telesforo Bravo ao acompañante que se negue a mostrar o seu documento oficial de identidade.

O permiso non terá validez en caso de non se presentar o solicitante.

Salvo xustificación, aqueles solicitantes que tendo permiso non fagan uso deste no día e hora sinalados quedarán inhabilitados por tres meses para solicitar un novo.

14.- Co fin de dar a coñecer os requisitos e a tramitación necesaria para obter os correspondentes permisos, envorcarase na páxina web do Goberno de Canarias, do Ministerio de Medio e Medio Rural e Mariño e do Cabido Insular de Tenerife a presente normativa.

15.- As persoas que pasen a noite no Refuxio de Altavista, ao acceder ao cono terminal a unha hora temperá para ver o amanecer, non necesitan solicitar o permiso de acceso ao Pico do Teide, sendo substitutivo da autorización de acceso a copia da solicitude selada de ter pasado a noite ese mesmo día no Refuxio, tal e como se especifica no artigo 7º da "Comunicación de acordo de data 29/07/98 sobre Regulamentación do Refuxio de Altavista". Estas persoas deberán ter abandonado o sendeiro Telesforo Bravo antes das nove horas do día en curso. Para transitar polo sendeiro Telesforo Bravo despois desa hora, será necesario solicitar o permiso normal de acceso.

16.- O solicitante asume os riscos derivados dos accidentes que se poidan producir polo perigo de tránsito pola zona.

17.- O Parque Nacional do Teide queda exento de toda responsabilidade que se puidese derivar con motivo do desenvolvemento desta actividade.

18.- Por cuestións meteorolóxicas (principalmente, xeo e neve) ou por calquera outra que deixe impracticable ou sen unhas mínimas garantías de seguridade para transitar polo Sendeiro Telesforo Bravo, a Dirección do Parque Nacional poderá prohibir o acceso ao Pico do Teide, procedendo ao seu peche polo tempo que sexa necesario e mesmo non permitindo o acceso a aquelas persoas que tivesen obtido previamente o permiso.

Aqueles montañeiros federados que xustifiquen convenientemente a súa capacidade, dispoñan dos medios axeitados e precisos (equipamento de montaña, en particular botas, crampóns e piolet) e a súa petición vinga avalada por algunha das federacións territoriais da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada, poderán solicitar un permiso especial cando o terreo estivese cuberto de xeo ou neve e mesmo o Sendeiro Telesforo Bravo estivese pechado. Nese caso, previa petición a Administración do Parque Nacional poderá expedir unha autorización específica para transitar mesmo por Zonas de Uso Restringido (sempre que estivesen cubertas de neve), e/ou poder acceder ao Pico do Teide. Os solicitantes asumirían os riscos derivados da especial perigosidade do terreo, así como a responsabilidade polos accidentes que se puidesen producir e os danos que puidesen ocasionar no medio, quedando o Parque Nacional do Teide exento de toda responsabilidade nas consecuencias que se deriven durante o desenvolvemento desa actividade.